



Guía Docente				
Datos Identificativos			2023/24	
Asignatura (*)	Novas Tecnoloxías da Información e Comunicación para Intervención Logopedica		Código	652466103
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	4
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Pedagogía e Didáctica			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web				
Descrición xeral	O Máster en Intervención Logopédica na Infancia e na Adolescencia ten como principal obxectivo lograr unha formación especializada de carácter profesionalizador permitindo a súa vez unha iniciación no campo da investigación sobre os trastornos da linguaxe. A materia de novas tecnoloxías fará fincapé sobre o coñecemento e aplicación das ferramentas das tecnoloxías da información e a comunicación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de propostas educativas na intervención logopédica. Pretende que o alumando desenvolva capacidades na selección de recursos TIC e o manexo de software para crear propostas de intervención enfocadas tanto á prevención coma o tratamento das dificultades de aprendizaxe relacionadas co desenvolvemento da linguaxe.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer e analizar de forma crítica o papel das TIC na sociedade da información e na educación en particular, como recurso para o desenvolvemento das capacidades lingüísticas e o acceso a aprendizaxe.	AP11	BP1	CM3
	AP13	BP20	CM6
	AP14	BP26	
Atender á diversidade na selección, produción e aplicación dos recursos tecnolóxicos para a intervención nos procesos de adquisición e desenvolvemento da linguaxe.	AP11	BP1	CM3
	AP13	BP20	CM6
	AP14	BP26	
Coñecer diferentes ferramentas de software para a produción de materiais multimedia como recursos na prevención e intervención dos diferentes trastornos da linguaxe.	AP11	BP1	CM3
	AP13	BP20	CM6
	AP14	BP26	
Seleccionar e avaliar recursos TIC educativos para a prevención e intervención dos diferentes trastornos da linguaxe no desenvolvemento das habilidades lingüísticas.	AP11	BP1	CM3
	AP13	BP3	CM6
	AP14	BP20	
		BP26	
Adaptar os recursos tecnolóxicos atendendo as características individuais na intervención dos procesos de adquisición e desenvolvemento da linguaxe.	AP11	BP1	CM3
	AP13	BP3	CM6
	AP14	BP20	
		BP26	



Deseñar e producir recursos multimedia para a intervención nos procesos de adquisición e desenvolvemento da linguaxe.	AP11 AP13 AP14	BP1 BP3 BP20 BP26	CM3 CM6
Cofecer ferramentas de traballo colaborativo para a produción de recursos educativos multimedia e proxectos que permitan favorecer a adquisición e desenvolvemento da linguaxe.	AP11 AP13 AP14	BP1 BP20 BP26	CM3 CM6
Desenvolver dinámicas de traballo colaborativo a través da rede no deseño e produción de materiais educativos para favorecer o desenvolvemento da linguaxe con tecnoloxías da información e a comunicación.	AP11 AP13 AP14	BP1 BP3 BP20 BP26	CM3 CM6

Contidos	
Temas	Subtemas
MÓDULO I: Novas tecnoloxías e sociedade da información.	-1. Características da sociedade da información. -2. Papel das novas tecnoloxías na globalización económica, política e cultural. -3. As novas tecnoloxías como produto de mercado. -4. Desigualdades sociais e fenda dixital. -5. Papel liberador ou opresor das TIC.
MÓDULO II: Novas tecnoloxías e atención a diversidade.	-1. Modelos de comunicación e integración das TIC. -2. Enfoques educativos no uso das TIC. -3. Novas tecnoloxías e accesibilidade. -4. Atención a diversidade con medios tecnolóxico-didácticos.
MÓDULO III: Creación de contidos e elaboración de recursos multimedia para a avaliación e intervención logopédica.	-1. Programas de software libre, gratuito e comercial para a elaboración de recursos multimedia. -2. Creación de contidos multimedia para a atención á diversidade e o tratamento de problemas da linguaxe.
MÓDULO IV: Recursos e ferramentas na rede para a intervención logopédica.	-1. A filosofía do software libre en rede: gratuidade, "share" e "freeware". -2. Recursos e redes sociais para compartir produtos multimedia para a avaliación e intervención nos procesos de adquisición da linguaxe. -3. Ferramentas para a xestión, creación e publicación de contidos. -4. Cooperación e colaboración na rede entre profesionais da logopedia.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral		6	10	16
Discusión dirixida		1	2	3
Prácticas a través de TIC		26	48	74
Proba oral		1	4	5
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	Na actividade de sesión maxistral traballaranse os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento. Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.
Discusión dirixida	Mediante esta dinámica abordaranse diversas temáticas orientadas a que o alumando reflexione sobre a importancia das TIC na sociedade en educación en particular, atendendo aos múltiples factores que inciden na súa integración para desenvolvemento da intervención educativa, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade educativa.
Prácticas a través de TIC	En torno aos diferentes temas propórase a realización de pequenos traballos de grupo baseados en prácticas a través de TIC. Estas actividades iniciaranse na aula e deberán ser completados mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo as indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada do profesor aos diferentes grupos. Para a realización destes traballos tomaranse como referencia tanto os materiais básicos da materia así como outros complementarios. Basearanse no traballo con distintos recursos na rede, con distintos programas de software gratuito e ferramentas de autor e coa pizarra dixital. Finalmente, a través da exposición na aula, cada grupo compartirá os traballos realizados cos demais grupos.
Proba oral	A proba oral constituirá unha actividade final da materia con carácter avaliativo a través da que o alumnado deberá realizar a presentación dos traballos realizados a través das sesións de prácticas TIC facendo un tratamento global e integrado dos coñecementos adquiridos, de acordo co conxunto de contidos abordados en torno ás diferentes contidos de traballo ao longo da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC	A atención personalizada que se describe para esta metodoloxía concíbese como momentos de traballo presencial co profesor, polo que implican a participación do alumando. As tarefas realizaranse en pequenos grupos de traballo. Implican o uso de programas de software libre, gratuito e comercial así como o uso da rede de Internet para a creación de recursos multimedia e ferramentas na rede. A forma e o momento en que se desenvolverá a atención individualizada indicárase en relación a cada actividade ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas a través de TIC		En relación ás Prácticas TIC valorárase: - A adecuación metodolóxica das propostas de traballo. - A profundidade do contido. - O dominio das aplicacións utilizadas na elaboración das propostas educativas. - O tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar. - A utilización de fontes documentais complementarias e actuais. - A organización e presentación.	70



Proba oral		Esta proba centrarase na presentación oral dos traballos desenvolvidos en torno aos traballos realizados nas prácticas TIC. Valorarase: - Relevancia e organización dos contidos expostos. - Coordinación da exposición (que reflicta un traballo colaborativo, non unha suma de partes). - Nivel de comprensión dos contidos básicos. - Claridade expositiva.	30
Outros			

Observacións avaliación

Para superar a materia é necesario obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (Prácticas TIC e Proba oral).

Fontes de información

Bibliografía básica	Alcantud Marín, F. y Soto Pérez, J. (coords.) (2003). Tecnologías de ayuda en personas con trastornos de comunicación. Valencia: Nau Llibres. Area Moreira, M. (2004). Los medios y las tecnologías en la educación. Madrid. Pirámide. Chacón Medina, A. (2007). La atención a la diversidad con medios tecnológico-didácticos. En Nuevas Tecnologías para la educación en la era digital. Ortega. Iza Mikeleiz, M (2002). Recursos tecnológicos en logopedia. Archidona: Ediciones Aljibe. Nova Escola Galega (2007). Competencia dixital e ferramentas TIC. Revista Galega de Educación, nº 38. Sánchez Montoya, R (2002). Ordenador y discapacidad. Guía práctica de apoyo a las personas con necesidades educativas especiales. Madrid: CEPE. Toledo Morales, P. (2002). Accesibilidad en la red. Diseños de web para todos. Archidona: Ediciones Aljibe. Toledo, Morales P. (2001). Accesibilidad, informática y discapacidad. Sevilla. Mergablum.
Bibliografía complementaria	http://www.logopediadigital.org/http://www.logopediadigital.org/revista/http://www.espaciologopedico.com/http://w3.cnice.mec.es/recursos2/atencion_diversidad/02_00.htm http://recursostic.educacion.es/observatorio/web/ http://www.discapnet.es/Discapnet/CAstellano/default.htm http://www.sidar.org/http://personal2.redestb.es/jamosa/lengua.htm http://www.parasordos.com/http://www.ucv.ve/tartamudez.htm http://blog.educastur.es/ticynee/category/logopedi http://www.uv.es/bellochc/pdf/pwlogo1.pdf http://www.logopediadigital.org/http://www.logopediadigital.org/revista/http://www.espaciologopedico.com/http://w3.cnice.mec.es/recursos2/atencion_diversidad/02_00.htm http://recursostic.educacion.es/observatorio/web/ http://www.discapnet.es/Discapnet/CAstellano/default.htm http://www.sidar.org/http://personal2.redestb.es/jamosa/lengua.htm http://www.parasordos.com/http://www.ucv.ve/tartamudez.htm http://blog.educastur.es/ticynee/category/logopedi http://www.uv.es/bellochc/pdf/pwlogo1.pdf

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Realizar o traballo de forma continua ao longo de todo o curso. Levar a cabo un adecuado traballo en equipo e cooperativo. Asistir a titorías sempre que se teñan dúbidas. Traballar de forma individual e en grupo con todos os documentos, artigos, presentacións e demais recursos de cada bloque. Preparar de forma adecuada as presentacións orais. Realizar algún curso de manexo de ferramentas informáticas que ofrece a AFI se for preciso.



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías